



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA OITO DE MAIO DE 2017. (EXPTE. 2730/2017).

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSÁ RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 8 de maio de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesús Fernández Fernández. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA OS DÍAS 28-04-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas o día 28 de abril de 2017.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

EXPTE. 2633/2017.- DEVOLUCIÓN DE AVAL

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Ramón González Pérez, en representación da empresa Otelec Costa Norte, S.L., con domicilio social en A Rúa, 3, Villaronte, Foz, referente á obra "Mellora da eficiencia enerxética do alumado público no medio rural do Concello de Viveiro", estando identificado este aval co nº 348107, por un importe de 4.500 euros.

Visto o informe de D. Santiago Meitín Míguez, como director técnico da mencionada obra, de data 24 de abril de 2017, no que se indica que transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación se producisen por causas non imputables ó contratista, observa que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas, o que informa ós efectos da devolución da fianza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Ramón González Pérez, en representación da empresa Otelec Costa Norte, S.L., referente á obra "Mellora da eficiencia enerxética do alumado público no medio rural do Concello de Viveiro", aval nº 348107, por un importe de 4.500 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación ós interesados e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de devolución da fianza.

EXPTE. 3559/2016.- APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NOS CAMIÑOS DE ACCESO Á PRAIA DE AREA NA PARROQUIA DE FARO - VIVEIRO".

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L. referente á obra "Reposición de firme nos camiños de acceso á Praia de Area na Parroquia de Faro - Viveiro".

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido pola arquitecta técnica D^a. Irene Fernández Cora, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución dos traballos do proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra "Reposición de firme nos camiños de acceso á Praia de Area na Parroquia de Faro - Viveiro"

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos e a súa notificación ó interesado.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

EXPTE. 1001/2017.- ADXUDICACIÓN OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME E MELLORA DE SERVIZOS URBANOS NOS VIAIS DE ACCESO AO COLEXIO E Á IGREXA PARROQUIAL DE COVAS - VIVEIRO".

Visto o expediente de contratación CT 14/2016, correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada: "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 10 de abril de 2017 se aprobou o proxecto así como o expediente de contratación da obra "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro", redactado polo arquitecto de obras en decembro de 2016, e cun orzamento de execución por contrata de 54.224,84 euros, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación, se rexistraron proposicións por parte das seguintes empresas:

- CARFERLO, S.L. Polígono Industrial de Camba, parcela 56-57, C.P. 27850 Xove (Lugo).
- EXCAVACIONES RAMSEI.S.L. Álvaro Cunqueiro 38, local 1, C.P. 2770, Foz (Lugo).
- HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L., Lg. Casteló, nº 1, C.P. 27152, Otero de Rey (Lugo).

Vistas as actas da Mesa de Contratación correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 18 e 21 de abril de 2017, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas.

Visto que segundo consta nas referidas actas da Mesa de Contratación, as ofertas presentadas foron as seguintes:

		OFERTA (Importes con IVE)	PUNTOS (Cláusula 18 prego cláusulas)	
Carferlo S.L.	Económica	50.594,84 €	30	50
	Prazo	7 días (reducción 23 días)	20	
	Económica	54.224,84 €	27,99	

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Excavaciones Ramsei S.L.	Prazo	1 mes (reducción 0 días)	0	27,99
Hermanos Blanco Trigo S.L.	Económica	54.224,84 €	27,99	27,99
	Prazo	1 mes (reducción 0 días)	0	

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 21 de abril de 2017, a favor da empresa "Carferlo, S.L.", cun prazo de execución de 7 días laborables e coa seguinte oferta económica:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
41.813,92 €	8.780,92 €	50.594,84 €

Visto o preceptuado no artigo 151.2 do TRLCSP, no que se establece que o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta economicamente máis ventaxosa para que dentro do prazo de cinco días hábiles dende a recepción do requirimento presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e xustificante de ter constituído a garantía definitiva, previa á adxudicación do contrato.

Resultando que pola Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2017 se acordou proceder ao requirimento da documentación previa á adxudicación, presentándose a mesma pola empresa, segundo consta no expte.

Visto o informe favorable de Secretaría, e non constando a fiscalización por Intervención previa á adxudicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Deixar o presente expediente sobre a mesa para a conclusión do informe referido, ata a vindeira sesión.

EXPTE. 2172/2017.- ADXUDICACIÓN CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO E OBRA "MELLORA, EFICIENCIA ENERXÉTICA E NOVA INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN PÉNJAMO".

Visto o expediente de contratación CT 3/2017, (expte. 2172/2017) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade urxente do contrato denominado "Mellora, eficiencia enerxética e nova instalación de alumeado público en Pénjamo".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 3 de abril de dous mil dezasete se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Concello de Viveiro

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación, se rexistraron proposicións por parte das seguintes empresas:

- ELECTRICIDAD BLANCO VILLAR, S.L.U., C/CIUDAD DE SABADELL, Nº 2. C. P. 27765- TRABADA (LUGO).
- OTELEC COSTA NORTE, S.L., A RÚA, Nº 3- VILLARONTE. C.P. 27788-FOZ (LUGO).

Visto que en data 12 de abril de 2017 se procedeu á apertura dos sobres nº 1, comprobando correcta a documentación administrativa presentada por ambas empresas licitadoras. En data 21 de abril de 2017, pola Mesa de Contratación procedeuse á apertura dos sobres núms, 2.

Visto que, segundo consta na referida acta da Mesa de Contratación, as ofertas presentadas foron as seguintes:

	Oferta económica	Prazo
Electricidad Blanco Villar, S.L.U.	36.406,28, IVE incluído	1 mes
Otelec Costa Norte, S.L.	30.000,00, IVE incluído	18 días laborables

Resultando que a Mesa de Contratación, en base ao resultado das ofertas presentadas, comprobando que a oferta presentada por Electricidad Blanco Villar S.L.U. superaba o tipo de licitación, acorda a súa exclusión do procedemento e propón como adxudicataria á empresa "Otelec Costa Norte, S.L.", cun importe total de 30.000€, IVE incluído e un prazo de execución de 18 días laborables.

Visto o preceptuado no artigo 151.2 do TRLCSP, no que se establece que o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta economicamente máis ventaxosa para que dentro do prazo de cinco días hábiles dende a recepción do requirimento presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e xustificante de ter constituído a garantía definitiva, previa á adxudicación do contrato.

Visto o informe favorable de Secretaría, e non constando a fiscalización por Intervención previa á adxudicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Deixar o presente expediente sobre a mesa para a conclusión do informe referido, ata a vindeira sesión.

4.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 1214/2017 .-

Concello de Viveiro

Vista a solicitude de licenza presentada por Emilio López Alvariño, S.L., para executar obras de REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA VENTA DE ROUPA sito en c/ Fernandez Vitorio nº 2 baixo, no casco antigo de Viveiro.

Visto que, segundo consta nos antecedentes referidos no informe xurídico obrante no expediente:

- Con fecha 10 de febreiro de 2017 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello a solicitude de licenza urbanística da mercantil EMILIO LOPEZ ALVARIÑO, S.L. para executar obras de reforma do local de referencia catastral 3354901PJ1335S, sito na rúa Fernandez Vitorio nº 2 en Viveiro, coa finalidade de adicalo á venda de roupa.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Julio Fernandez Rivas e Martín Morán Ban, en febreiro de 2017, visado o 8 de febreiro polo COAG co numero 1700705, e oficio de dirección facultativa a favor dos mencionados técnicos.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Xunto coa anterior documentación, o promotor das obras achegou a seguinte documentación, relativa á actividade de venda de roupa:

- Descrición da actividade “venta de roupa” en planta baixa e entreplanta dun edificio de vivendas (incorporada na memoria descritiva do proxecto técnico antedito).
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais preceptivos.
- Declaración do titular da actividade de que se cumpren as limitacións establecidas pola vixente normativa en materia de ruidos.

- En data 9 de marzo de 2017 o promotor achegou, para a súa incorporación ao expediente, documentación previamente requerida consistente en modificación de planos de fachada a fin da súa adecuacións as previsións do PEPRI en materia de carpintería.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta-técnica da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal, sobre a compatibilidade da implantación dun establecemento destinado á venda de roupa coa ordenanza urbanística provisional e a normativa técnica aplicable

No informe técnico sinálase o seguinte:

“1. Trala suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e a aprobación do Decreto 102/2006, de 22 de xullo, polo que se suspende as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP)(2), a edificación onde se implantará a actividade está regulada pola ORDENANZA DE SOLO URBANO DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO. As condicións de edificación e usos están recollidas no Plan Especial e Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI)(3), aprobado definitivamente polo Pleno

Concello de Viveiro

do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo n.º 233, de 10 de outubro). Os usos permitidos son: residencial, industrial, almacén, comercial e dotacional.

2. Que trala revisión do “Proxecto básico e de execución de reforma de local comercial destinado á venda de roupa”(4) redactado polos arquitectos Julio Fernández Rivas e Martín Morán Bande a actividade está destinada á venda de roupa e non se describe a instalación de maquinaria susceptible de xerar ruidos e/ou vibracións. En cumprimento do artigo 11, apartado 3 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia, o solicitante entrega por rexistro o 21 de abril (2017-E-RC-2388) un escrito onde fai constar que o nivel sonoro é igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB (protección contra a contaminación acústica).

3. Que o desenvolvemento da actividade non xenera ningún tipo de emisións ou vertidos que deberan ser tratados antes de ser expulsados á atmósfera ou vertidos á rede de saneamento municipal. Ase mesmo, non se xenera ningún tipo de residuo perigoso que deba ser xestionado por empresas especializadas.

4. Que NON é necesario tramitar o procedemento de incidencia ambiental, debido a que a actividade a desenvolver non se atopa dentro dos supostos recollidos no Anexo “Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental” da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Por todo o exposto anteriormente, a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa aplicable.”

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- O artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, doo emprendemento e competitividade económica de Galicia dispón que se para o desenvolvemento dunha actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no punto 1 de dito precepto presentárase coa solicitude de licenza de obra, debendo presentar a comunicación previa para o inicio da actividade logo de rematar a obra. Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 11.2 do Regulamento aprobado polo Decreto 144/2016, de 22 de setembro (RIAE) engadindo no artigo 13 que nos supostos de obras que teñan por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse en primeiro lugar en relación coa actividade a que vaia destinada a obra.

Na tramitación do expediente resulta acreditado o trámite de comprobación da actividade, téndose emitido polos servizos técnicos municipais en fecha 21 de abril de 2017 informe de compatibilidade da actividade de tenda de roupa coa ordenación urbanística provisional e demais normativa aplicable, e a non necesidade de tramitación de procedementos de avaliación de incidencia ambiental, constando entre a documentación achegada pola mercantil promotora unha declaración de cumprimento da normativa relativa á contaminación acústica.

En relación coa documentación a chegar para o desenvolvemento da actividade, e que queda referida no antecedente primeiro deste informe, considérase axeitada e suficiente dadas as características específicas da actividade a desenvolver no local, e sen prexuízo de que unha vez rematadas as obras deberase presentar a comunicación previa de inicio e o



Concello de Viveiro

procedemento de control e inspección de conformidade coas previsións legal e regulamentariamente establecidas

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente.

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro)

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a EMILIO LOPEZ ALVARIÑO, S.L. licenza municipal para executar obras de reforma do local de referencia catastral 3354901PJ1335S, sito na rúa Fernández Vitorio, nº 2, en Viveiro, coa finalidade de adicalo á venta de roupa, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos, D. Julio Fernández Rivas e D. Martín Morán Ban, en febreiro de 2017, visado o 8 de febreiro polo COAG co número 1700705 e resto de documentación técnica e administrativa integrante do expediente, e baixo a dirección facultativa dos técnicos mencionados.

Segundo.- Logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, na que se identificará a persoa titular e a referencia da licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente así como, cando proceda, o certificado acústico. Non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio da actividade acompañada coa documentación indicada.

Terceiro.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia, así como para a instalación de andamiaxe.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1600/2017. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María Oliva Peinó Pena, en representación da Comunidade de Propietarios Benito Galcerán, nº 8-10, en Viveiro, de ref. catastral 3457301PJ1335N para executar obras de pintura e impermeabilización do mencionado inmovible.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Memoria valorada das actuacións, asinada polo arquitecto técnico don Luis Rodríguez Díaz en data 10 de febreiro de 2017 e oficio designando a dito facultativo como director de obra.
 - Estudio básico de seguridade e saúde.
 - Orzamento de execución das actuacións (18.285,71 euros).
 - Xustificante do pagamento dos tributos municipais (ICIO e taxa de licenza de obra).
- Consta no expediente resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 17 de novembro de 2015 autorizando as obras propostas, baixo cumprimento das seguintes condicións:

Concello de Viveiro

- Todas as fachadas do edificio pintaranse na mesma cor.
- A cor da pintura a aplicar será clara, discreta e natural (gammas dos brancos, cremas, areas ou ocre craros).
- Calquera outra actuación que exceda do pintado precisará autorización da Consellería de Cultura.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretenden realizar as obras está situada no N^o 8-10 da Avda. Benito Galcerán, no Casco Histórico de Viveiro, con referencia catastral 3457301PJ1335N. As obras a realizar son pintura e impermeabilización de fachadas. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, sinálase que, segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística aplicable e coa normetiva técnica aplicable.

No citado informe establécense os seguintes condicionamentos:

- *De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licenzia así como para a instalación de andamiaxe.*
- *A edificación donde se pretenden realizar as obras está no contorno de protección dos 50 metros do Conxunto Arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (BIC). Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 17 de novembro de 2015, o expediente resolvese favorablemente cunha serie de condicionantes que a continuación se enumeran:*
 - o *Todas as fachadas do edificio pintaranse na mesma cor.*
 - o *A cor da pintura a aplicar será clara, discreta e natural (gammas de brancos, cremas, areas ou ocre claros).*
 - o *Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará da autorización da Consellería de Cultura.*
- *Pintaranse tódalas fachadas da edificación, incluíndo os baixos do edificio na rúa Pedro Farto.*

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible referido atópase no contorno de protección do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (BIC).

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exhibibles nos termos da lexislación sectorial vixente. A autorización sectorial consta no expediente, segundo queda referido no punto 2 de antecedentes do presente informe.

- O informe da apareladora da oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro, conformado polo arquitecto municipal, constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico, que no presente caso é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. Segundo dita ordenación, no ámbito do solo urbano da zona antiga de Viveiro, as condicións de edificación e a regulación de usos serán as recollidas na normativa do documento do «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997, que foi publicada no BOP de Lugo nº 233, do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BENITO GALCERÁN 8-10, licenza urbanística para executar obras de Pintura e impermeabilización de fachadas no inmovible sito en Avda Benito Galcerán 8-10, de ref. catastral 3457301PJ1335N, de acordo coa documentación técnica e os informes obrantes no expediente, e baixo a dirección de obra de, D. Luis Rodríguez Díaz, arquitecto técnico.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

1

a) Si resultase necesaria a ocupación da vía pública para a execución dos traballos autorizados, deberá solicitarse e obterse a previa autorización municipal, na que se indicará a superficie a ocupar e o prazo estimado de duración.

b) As seguintes condicións, establecidas na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 17 de novembro de 2015:

- Todas as fachadas do edificio pintaranse na mesma cor.
- A cor da pintura a aplicar será clara, discreta e natural (gamas dos brancos, cremas, areas ou ocres craros).
- Calquera outra actuación que exceda do pintado precisará autorización da Consellería de Cultura.

Terceiro.- Condicións xerais

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1702/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Ana González Palmeiro, para executar obras de limpeza de canalóns, retellado de pizarras e retirada de escombros en inmovible sito en C/Pérez das Mariñas, nº 8, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353105PJ1335S0002EP.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Presupuesto de execución das obras.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretende realizar as obras está situada no nº 8 da rúa Pérez das Mariñas, no Casco Histórico de Viveiro, con referencia catastral 3553105PJ1335S0002EP. Segundo a solicitude de licenza de obra, as obras a acometer na edificación son as seguintes:

- Limpeza de canles, substitución de pizarra en cuberta nunha superficie de 20 m², retirada de escombros.



Concello de Viveiro

Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, sinalase que, segundo a solicitude presentada as obras que se pretenden executar cumpren ca normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. Establécese a condición de que a pizarra a colocar será de rumbo e non se actuará na estrutura da cuberta do inmovible, e de ser necesario a substitución deberá presentarse proxecto asinado por técnico competente.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinalase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmovibles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exigibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente.

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro).

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Ana González Palmeiro, licenza municipal para para executar obras de limpeza de canalóns, retellado de pizarras e retirada de escombros en inmovible sito en c/Perez das Mariñas, nº 8, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353105PJ1335S0002EP.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.
- No retellado deberá utilizarse lousa tipo rumbeiro.
- A autorización municipal deberá limitarse ás actuacións descritas, sen que poidan executar outras que afecten á estrutura do inmovible. De darse esta circunstancia, deberá solicitarse previamente a licenza municipal á que se achegará proxecto técnico redactado por técnico competente.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 1885/2016.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.



Concello de Viveiro

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. José A. Franco Soto, e con domicilio a efectos de notificacións na rúa Pedregal, nº 17, 27861 Covas, en Viveiro, referente á fianza depositada mediante transferencia bancaria, (IBAN ES45 2080 0150 7230 6000 2710) que ascende á cantidade de 1.200,00 euros, para responder dos posibles danos que se puidesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras, expte URB/139/2015.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. José A. Franco Soto para responder da licenza URB/139/2015, que ascende á cantidade de 1.200,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

EXPTE. 2750/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Jesús Antonio Fernández Yañez, con domicilio en Rúa Grande, nº 71, 27863 Celeiro, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	9 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Jesús Antonio Fernández Yañez, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ao interesado.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

EXPTE. 2754/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. M^a Libertad Díaz Expósito, con domicilio en Igrexa, nº 38, Covas, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	4 horas semanais
Revisión do mesmo:	
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. M^a Libertad Díaz Expósito o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado á interesada.

EXPTE. 2800/2017.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Antonio Bestard Roselló, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Pascual Veiga, nº 6-baixo, 27002 Lugo, en data 26 de abril de 2017, co N^o de rexistro 2017-E-RC-2497, referente á fianza depositada mediante transferencia bancaria, que ascende á cantidade de 2.000,00 euros, para responder dos posibles danos que se puidesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras consistentes na substitución de cuberta e reforma de fachada en Xabariz, Galdo, en Viveiro, expte URB/247/2015.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Antonio Bestard Roselló para responder da licenza URB/247/2015, que ascende á cantidade de 2.000,00 euros, mediante transferencia, á conta bancaria: LA CAIXA, ES15 2100 4822 63 21001175787.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

5.- EXENCIÓN I.V.T.M. POR MINUSVALÍA.

EXPTE. 534/2016.- CAMBIO DE EXENCIÓN.

Vista a solicitude de exención por minusvalía do IVTM presentada por D^a. María Carmen Seijas Lamelas, para o vehículo, Peugeot 3008, matrícula 6038JNB, así como a baixa para o actual vehículo para o que a tiña concedida (Peugeot 406, matrícula 6437BXF).

Visto o informe emitido pola Policía Local, no que se sinala que o vehículo para o que se solicita a minusvalía, Peugeot 3008, matrícula 6038JNB, figura a nome do solicitante e se atopa ao corrente no seguro do vehículo así mesmo sinala o citado informe que o domicilio fiscal do vehículo figura no lugar de Labrada - Bravos, 27867 Municipio de Oourol.

Visto o informe da traballadora social, no que se indica que procede a concesión da exención con carácter definitivo.

Visto o informe proposta emitido por Xestión Tributaria no que se propón NON conceder a exención solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida por Xestión Tributaria, e aos datos obrantes no expediente, acorda:

Primeiro.- Non conceder a exención de IVTM solicitada por D^a. María Carmen Seijas Lamelas, para o vehículo Peugeot 3008, matrícula 6038JNB.

Segundo.- Non proceder á alta da exención do vehículo Peugeot 3008, matrícula 6038JNB no correspondente padrón fiscal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para a súa notificación ao interesado, con indicación dos recursos que contra o mesmo se poderan interpoñer e para o traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería do Concello de Viveiro, para o seu coñecemento e aos efectos do cumprimento do disposto no presente acordo.

Cuarto.- Que por parte de Xestión Tributaria se leven a cabo os trámites oportunos en orde á comprobación da situación do vehículo que actualmente se atopa exento (peugeot 406, matrícula 6437BXF), aos efectos da adopción de acordo, no seu caso, sobre a extinción de dita exención e a consecuente baixa no padrón fiscal (tendo en conta que a solicitante pedía un cambio de exención de vehículo).

EXPTE. 1082/2017.- CAMBIO DE EXENCIÓN.

Vista a solicitude de exención por minusvalía do IVTM presentada por D. José



Concello de Viveiro

Antonio Parapar Insua, con domicilio en Viveiro, para o vehículo, modelo SEAT IBIZA e matrícula 2399-BWB, así como a baixa para o actual vehículo para o que a tiña concedida (Peugeot 206, matrícula 5563 BPX).

Visto o informe emitido pola Policía Local, no que se sinala que o vehículo para o que se solicita a minusvalía, modelo SEAT IBIZA e matrícula 2399-BWB, figura a nome do solicitante e se atopa ao corrente no seguro do vehículo.

Visto o informe da traballadora social, no que se indica que procede a concesión da exención con carácter definitivo.

Visto o informe proposta emitido por Xestión Tributaria no que se propón declarar exento ao 100% da cuota íntegra do IVTM do vehículo modelo SEAT IBIZA e matrícula 2399-BWB, titularidade de D. José Antonio Parapar Insua, para o exercicio 2017 e a partir deste con carácter indefinido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida por Xestión Tributaria, acorda:

Primeiro.- Conceder a exención de IVTM solicitada por D. José Antonio Parapar Insua, con domicilio en Viveiro, para o vehículo modelo SEAT IBIZA e matrícula 2399-BWB, do 100% da cota íntegra do imposto, para o exercicio 2017 e a partir dese exercicio con carácter indefinido.

Segundo.- Proceder á baixa da exención do vehículo Peugeot 206, matrícula 5563 BPX no correspondente padrón fiscal e á alta da exención do vehículo modelo SEAT IBIZA e matrícula 2399-BWB.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para a súa notificación ao interesado, con indicación dos recursos que contra o mesmo se poderan interpoñer e para o traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería do Concello de Viveiro, para o seu coñecemento e aos efectos do cumprimento do disposto no presente acordo.

6.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 2852/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao Expediente **2852/2017**.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

7.- CORRECCION DE ERRO.

EXPTE. 2534/2017.-

Visto que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local deste Concello, de data 28 de abril de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que, literalmente transcrito, di:

"4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 2534/2017.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DO CONCELLO DE VIVEIRO"

Visto o expediente CT 7/2017, correspondente ao expediente de contratación con carácter urxente por procedemento negociado sen publicidade denominado: "Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro".

Visto o informe de Secretaría, coa conformidade de Intervención, coas observacións referentes á tramitación do procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo denominado "Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro", aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación, co seguinte orzamento:

<i>Orzamento base</i>	<i>21 % IVE</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>23.553,72 €</i>	<i>4.946,28 €</i>	<i>28.500,00 €</i>

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Acordar solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula catorce do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

<i>Denominación empresa</i>	<i>Enderezo</i>
<i>Orona, S. Coop.</i>	<i>Rúa Alfredo Deaño, 5 baixo dereita 27700 - Ribadeo (Lugo)</i>
<i>Ascensores Enor, S.A.</i>	<i>Ronda Músico Xosé Castiñeira, 28 baixo. 27002 - Lugo</i>
<i>Zardoya Otis, S.A.</i>	<i>Praza da Liberdade, 14-16 entreplanta. 27002 - Lugo</i>

Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión."

Resultando que o expediente de contratación referido conleva un gasto plurianual segundo os datos obrantes no mesmo, e que, segundo se recolle no informe de secretaría coa conformidade de intervención, o artigo 174 do TRLHL, respecto aos compromisos de gasto de carácter plurianual, establece que poderán adquirirse compromisos por gastos que teñan que extenderse a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e se atopen nalgún dos supostos establecidos no apartado 2 do referido artigo. Sinálase no referido informe que o Concello debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2018 a 2019 as cantidades de 9.500,00 €, e no ano 2020 a cantidade de 3.643,84 € nas aplicacións orzamentarias referidas no informe de intervención obrante no expediente.

Resultando que no acordo de aprobación do expediente non se recolleu dito compromiso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, e tendo en conta o erro de feito detectado e o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acorda subsanar dito erro, incluíndo un quinto punto en dito acordo, quedando redactado nos seguintes termos:

Primeiro.- Engadir no acordo da XGL de data 28 de abril de 2017 un quinto punto, redactado do seguinte xeito:

"Quinto.- adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2018 a 2019 as cantidades de 9.500,00 €, e no ano 2020 a cantidade de 3.643,84 € nas aplicacións orzamentarias referidas no informe de intervención obrante no expediente."

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos e a súa comunicación ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcadesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 8 de maio de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.

